

A ARTE DO EXILIO GALEGO NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Coa finalidade de rescatar a memoria do exilio artístico galego, nas coleccións do Museo Provincial de Lugo, artellamos esta introdución aos creadores que, por mor do golpe de Estado, guerra e ditadura, tiveron que abandonar a súa terra ou foron represaliados en Galicia, entre os anos 1936-1975.

Para realizar un percorrido monográfico específico por estes fondos museísticos, que suman 143 obras, case todas distribuídas na sección de arte galega do MPL, e visualizalos baixo esta perspectiva concreta, apuntamos, xunto coa renovación do relato tradicional, un fio argumental de contextualización, contribuíndo á súa posta en relevo transversal, aberta e plural.

Esta escolma céntrase na produción, sobre todo pictórica, dos artistas do exilio conservada nesta institución: A. D. Rodríguez Castelao, M. Bujados, M. Colmeiro, Maruja Mallo, Laxeiro (X. Otero Abeledo), L. Seoane e Arturo Souto, aínda que tamén se teña en conta o denominado "exilio interior" dos que quedaron sufrindo represalias, esquecidos e illados, como: C. Díaz Baliño, A. Suárez Couto, C. Maside ou F. González Prieto e a creadores como Leopoldo Nóvoa e Albino Fernández, de familia galega emigrante no Uruguai e na Arxentina respectivamente, que se relacionaron directamente coa intelectualidade do exilio.

De todos eles, Castelao é a figura máis representativa pola activa loita sociopolítica contra o réxime franquista, amén de reverter nunha icona nacional. Non obstante, tanto o Movemento Renovador dos denominados "Os Novos" ou personalidades singulares, como Maruja Mallo, quedaron atrapados e abocados ao exilio, entendido coa clásica definición de expulsión dunha persoa da súa patria por motivos políticos, con prohibición de volver a ela. Esta diáspora truncou a riqueza e modernización que supuxeron as vangardas na arte galega das décadas dos vinte e trinta do século pasado, redundando nun


gran empobrecemento creativo, só restablecido a partir da consolidación democrática e cun saldo positivo nas débedas pendentes de condonar.

O proceso de censura e represión, realizado na guerra e posguerra, afectou gravemente a ese período da historia da arte, polo que cómpre restaurar esa memoria sinalando, por unha banda, o abandono da renovación e das vangardas artísticas e o retroceso cara a temas, estilos e producións ao gusto do réxime político imperante e, por outra, a influencia dos desterrados nos países receptores ou de adopción, onde deixaron fonda pegada cultural e artística, ao tempo, que mantiñan a disidencia, amosando a lembranza do seu país de orixe, claramente patente na súa obra artística. Así e todo, a República Arxentina, concretamente Bos Aires, converteuse no centro neurálxico cultural do exilio galego.

Froito das relacións arxentino-galegas consolidarase, dentro do brillante proxecto do Laboratorio de Formas, a iniciativa de Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo para a creación, en 1970, do Museo Galego de Arte Contemporáneo Carlos Maside (BIC 2025) no Castro (Sada, A Coruña) sendo a primeira musealización específica da arte contemporánea galega, desde o movemento renovador galego do primeiro terzo do s. XX, truncado coa Guerra Civil.

A presenza da arte do exilio no MPL está visibilizada a través das obras plásticas dos seus creadores e integrada no discurso expositivo xeral da arte galega. Neste percorrido faise unha viaxe por distintas disciplinas, estilos ou soportes, en definitiva, tantas propostas creativas como autores, formas e contidos, pero cun nexo común que os une a todos: o feito de ter que marchar obrigados da súa terra, desfecendo unha vida e unha carreira artística, coa necesidade de adaptarse fóra ás novas circunstancias. Moitos deles volveron, pero xa non era o mesmo.

Aurelia Balseiro



A ARTE DO EXILIO GALEGO NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura




VICEPRESIDENCIA



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO





- A** *Semella ser importante. Insectario.*
Luis Seoane. 1975. Xilografía.
- B** *Retrato de Petronila de las Heras.*
Fermín González Prieto. Óleo sobre lenzo.
- C** *Vista de Lugo con muralla.*
Manuel Colmeiro. 1934. Óleo sobre lenzo.
- D** *Cartel de O Cebreiro.* Camilo Díaz Baliño.
1929. Témpera sobre lenzo.
- E** *A dama do abano.* Manuel Bujados.
Gouache sobre papel.
- F** *Retrato de Castelao.*
Carlos Maside. Gravado.
- G** *Parisinas.* Arturo Souto.
Litografía sobre papel.
- H** *Cartel de Mondoñedo.* Amando Suárez Couto.
1929. Témpera sobre lenzo.
- I** *O espírito sobre o río.* Manuel Bujados.
1952. Plumilla e acuarela sobre papel.
- L** *A feira.* Manuel Colmeiro.
1960. Óleo sobre lenzo.
- M** *Barrio mexicano.* Arturo Souto.
Litografía e lapis de cores sobre papel.
- N** *Asno e gaivotas.* Alfonso Daniel Rodríguez
Castelao. Acuarela sobre papel.
- O** *Cruceiro.* Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.
Acuarela sobre papel.

Salas 12, 14, 24 e 25, 1ª planta do MPL



Listado de autores (orde cronolóxica de nacemento)	Datos biográficos		N.º obras no MPL
Rodríguez Castelao, Alfonso Daniel	Rianxo, A Coruña, 1886– –Bos Aires, A Arxentina, 1950	A ARXENTINA	30
Bujados Fernández, Manuel	Viveiro, Lugo, 1889– –Bell Ville, A Arxentina, 1954	A ARXENTINA	58
Díaz Baliño, Camilo	Ferrol, A Coruña, 1889– –Palas de Rei, Lugo, 1936	Asasinado	1
Suárez Couto, Amando	Ribadeo, 1894–1981	Exilio Interior	4
Maside, Carlos	Valga, Pontevedra, 1897– –Santiago de Compostela, 1958	Exilio Interior	1
González Prieto, Fermín	Viveiro, Lugo, 1900– –Madrid, 1987	Exilio Interior	8
Colmeiro Guimarás, Manuel	Chapa, Silleda, Pontevedra, 1901–1999	A ARXENTINA–FRANCIA Regreso a Galicia en 1989	5
Mallo, Maruja	Viveiro, Lugo, 1902– –Madrid, 1995	A ARXENTINA–EE.UU. Regreso a España en 1962	7
Souto Feijoó, Arturo	A Coruña, 1902–1964	MÉXICO Regreso temporal a España en 1962	4
Otero Abeledo, Xosé (Laxeiro)	Donramiro, Lalín, 1908– –Vigo, 1996	A ARXENTINA Regreso a España en 1962	4
Seoane, Luís	Bos Aires, A Arxentina, 1910– –A Coruña, 1979	A ARXENTINA Viaxes a Galicia desde a década dos 60	19
Nóvoa, Leopoldo	Pontevedra, 1919 – París, Francia, 2012	O URUGUAI Trasládase a París en 1965	1
Fernández, Albino	A Habana, Cuba, 1921 – Bos Aires, A Arxentina, 2014	A ARXENTINA	1